

ORDE DO 11 DE MARZO DE 1993, SOBRE O USO DO TERMO *POUSADA* PARA OS ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS

DOG n° 59, de 29 de marzo

Posto que o uso do termo *parador* está exclusivamente reservado ós establecementos propiedade do Estado en España¹, o mesmo que o de *pousada* o está en Portugal, e tendo en conta que en Galicia o primeiro establecemento hoteleiro de titularidade da Xunta de Galicia foi designado como *pousada* (en atención ó réxime de explotación, semellante ó das *pousadas* portuguesas, e tamén polo similar significado da palabra en galego e portugués), parece aconsellable que a denominación *pousada* sexa reservada a estes establecementos propiedade da Xunta de Galicia.

En consecuencia,

DISPOÑO:

Artigo 1.

O uso do termo *pousada* queda reservado ós establecementos hoteleiros propiedade de la Xunta de Galicia.²

Artigo 2.

As corporacións provinciais ou locais que promovan establecementos hoteleiros da súa propiedade e teñan características asimilables ás *pousadas* galegas e portuguesas ou ós paradores españois, poderán ser autorizados pola Xunta de Galicia para o uso da denominación de *pousada*.

DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS

1.^a Facúltase ó secretario xeral para o Turismo³ para dictar, no ámbito das súas competencias, as resolucións oportunas para o desenvolvemento desta disposición.

2.^a Esta orden entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Diario Oficial de Galicia».

¹ Ver artigo 85 do Decreto 267/1999, de 30 de setembro (II.2)

² Ver artigos 32 da Lei 9/1997, de 21 de agosto (I.2) e 86 do Decreto 267/1999, de 30 de setembro (II.2).

³ Actualmente, Dirección Xeral de Turismo. Decreto 8/1998, de 8 de xaneiro (IV.1).